



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2026/E001/000013

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO POSTO DE BOMBEIRO FORESTAL E CHAMAMENTO DA SEGUINTE PERSOA DA LISTA DE RESERVA DO PROGRAMA TALENTO RURAL ACTIVO.

**EXPEDIENTE:** 2026/A008/000004; 2026/E001/000013

**EXPEDIENTE:** TR351G2026-000000005-01

Primeiro.- Con data 06/07/2026 e núm de rexistro de entrada 202600000001209 D.<sup>a</sup> Alba Arias Fernández, presentou escrito de renuncia voluntaria ao posto de **bombeiro/a forestal**, para o que fora contratado/a ao abeiro do programa **Talento Rural Activo**, promovido pola Xunta de Galicia.

Segundo.- A citada renuncia produce unha vacante no cadro de persoal adscrito ao referido programa, sendo necesario proceder á súa cobertura para garantir a continuidade do servizo.

Terceiro.- Segundo as bases reguladoras do proceso selectivo, en caso de renuncia ou baixa dunha persoa contratada, procede efectuar o chamamento da seguinte persoa por orde de puntuación da lista de reserva resultante do proceso selectivo.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Visto o disposto nas bases da convocatoria do programa Talento Rural Activo, así como a normativa de réxime local e demais disposicións de aplicación.

No uso das atribucións que me confire a lexislación vixente,

## RESOLVO

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada por D.<sup>a</sup> Alba Arias Fernández ao posto de bombeiro/a forestal, con efectos do día 07/07/2026.

Segundo.- Declarar vacante o citado posto e acordar a súa cobertura mediante o chamamento da seguinte persoa da lista de reserva do proceso selectivo correspondente ao programa Talento Rural Activo.

Terceiro.- Requirir a D.<sup>a</sup> Codesal Luaces Inés María, seguinte persoa na orde de prelación da lista, para que manifieste a aceptación do posto e presente a documentación requirida no prazo establecido nas bases da convocatoria.

Cuarto.- No caso de renuncia, falta de aceptación ou incumprimento dos requisitos por parte da persoa chamada, efectuarase o chamamento da seguinte persoa da lista, seguindo rigorosamente a orde de prelación.

Quinto.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas e aos servizos municipais correspondentes, aos efectos oportunos.

Asinado polo Sr. Alcalde Diego Luis Díaz Méndez, na data expresada á marxe da presente resolución. Polo Secretario-interventor accidental, José Ramón Vázquez González, tómase razón para a súa transcripción ao libro de resolución da alcaldía aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art 3.2 do R.D 128/2018).